

CAXOTO



A TRASTENDA
DOS CONTOS

RENACEMENTO PARA



ARTE-NU-A-EN-UN

Arte / Historia / Int-Ext
Idade: P. Adulto / Adolescente
Duración: 60 minutos

@Caxoto_
653 61 61 26
www.atrastendadoscontos.com

RENACEMENTO PARA PRINCIPIANTES

PÚBLICO	Público Adolescente / Adulto
DURACIÓN	60 min
CATEGORÍAS	Arte / Historia / Int-Ext /
SINOPSE	<p>Estando un día Caxoto preparando unha función de contos para público infantil arredor de Cervantes e Shakespeare viu que o Renacemento foi un tempo moi tolo onde calquera cousa podía pasar. A partires de aí Caxoto foi recopilando estas grandes historias e pequenas curiosidades de figuras tan senlleiras como Cristobal Colón, Copérnico, Gutemberg, os artistas do renacemento italiano,... ou xa na nosa terra por poñer un exemplo María Pita.</p> <p>De toda ese material recopilado sae unha función de contos erudita fiada coa comicidade que Caxoto lle aporta a todo o seu traballo. Unha viaxe a un tempo no que o ser humano decidiu ser a medida de todas as cousas.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica Conexión eléctrica Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto) Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO



Unha viaxe ao renacemento ... cando o ser humano decidiu ser a medida de todas as cousas.



Feitos históricos, grandes personaxes, rumores extendidos, batallas que cambiaron o desenvolvemento da historia.



Unha función chea de erudición, curiosidades, feitos históricos,... e moitas moitas risas.



SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de cuentos de una noche de verano (Chapinería)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

